



Expediente número: 7.864/2016

**Sesión Ordinaria 18/2016 celebrada polo Pleno do Concello  
o día 1 de decembro de 2016**

**ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria urxente núm. 17/2016 do 09/11/2016**
- 2. Corrección erros, se procede, na Acta do Pleno celebrado en sesión ordinaria o 08.09.2016 e aprobada por unanimidade en sesión celebrada o 29.09.2016**
- 3. Dar conta dos Expedientes de Modificacións de crédito: 16/2016.TC05/16 e 17/2016.TC06/2016.**
- 4. Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial de Créditos por importe de 17.800,47 €**
- 5. Aprobación definitiva da Modificación Ordenanza Fiscal Taxa do Lixo.**
- 6. Prorroga do contrato da Concesión da xestión do Centro de deportes acuáticos de Chapela.**
- 7. Proposta de Convenio de Colaboración do Consorcio Galego e o Concello de Redondela para a Xestión e Financiamento do Centro de Atención Diurna situado en Cesantes, Redondela.**
- 8. Proposta de acordo para a Eliminación da Violencia de Xénero.**
- 9. Actividades de control do pleno.**
  - 9 . 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.**
  - 9 . 2 Solicitudes de comparecencia.**
  - 9 . 3 Mocións.**
  - 9 . 4 Rogos e preguntas.**

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 23 de novembro, e sendo as vinte horas do 01 de decembro de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Ángela Antón Pazos, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Isaac Borja Araújo Figueroa, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera; actuando como secretaria , a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil .

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



### **INCIDENCIAS:**

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

Sendo as 22:10 horas o Alcalde acordou un receso para descanso na sesión, que reanudouse as 22:30 horas.

A concelleira QUINTANS COSTOYA auséntase por motivos persoais no intre de producirse o receso para descanso.

A orde do día foi alterada polo Alcalde tratándose o punto 8 no lugar do punto 3 e seguindo a continuación a orde fixada na convocatoria.

#### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria urxente núm. 17/2016 do 09/11/2016**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria urxente núm. 17/2016 do 09/11/2016, o concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que no apartado 1 o que pretendía é que quedara claro que o Alcalde puido convocar un pleno ordinario para tratar o asunto e desexa que así quede reflectido no Acta. Tamén indica que con respecto a súa intervención no punto 4 debería recollese a mesma de xeito máis preciso. A secretaria sinala que recolle as intervencións de xeito sucinto, tal e como establece a normativa de aplicación, facendo unha interpretación sobre o que se di e non considera que dita interpretación fora nese caso contraria ao que quixo expresar o concelleiro. O Alcalde propón que se manteña a redacción do Acta nese punto.

### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Sometido a votación o mencionado borrador, aprobase nos seus propios termos por maioría dos/as concelleiros/as presentes (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 da concelleira non adscrita) e 1 voto en contra do BNG rectificándose o apartado nº 1 do xeito proposto polo mesmo.

#### **2. Corrección erros, se procede, no Acta do Pleno celebrado en sesión ordinaria o 08.09.2016 e aprobada por unanimidade en sesión celebrada o 29.09.2016**

Vista a proposta de corrección de erros que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA AO CONCELLO PLENO DA CORRECCIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 08.09.2016, APROBADA NA SESIÓN ORDINARIA DO 29.09.2016.**

Examinada a acta da Sesión ordinaria celebrada polo pleno en data 08/09/2016 redactada pola asinante como Secretaria Accidental e aprobada por unanimidade na sesión ordinaria celebrada polo mesmo órgano de goberno o 29/09/2016, na mesma detectáronse erros materiais ou de feito, polo que ao amparo do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común,

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



propono ao Concello Pleno como órgano competente para a súa aprobación, a rectificación dos seguintes:

**Primeiro.-** No punto 4. da Orde do día APROBACIÓN, NO SEU CASO, FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2017, no apartado de Intervencións, no primeiro turno de palabra do concelleiro do BNG González Campo, se recolle:

“O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO quere que conste en acta que votaron en contra na Comisión informativa, aínda que está de acordo co do xoves da Coca, apostan por o 24 de decembro, porque este ano cae en sábado e, tamén o martes de Entroido.”

Onde dí “apostan por o 24 de decembro”, debe dicir “apostaron por o 24 de xuño”.

**Segundo.-** No punto 8. da Orde do día APROBACIÓN, SE PROCEDE, EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS,

Onde dí:

VOTACION E ACORDO:

*Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PS de G-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG) e 1 abstención da concelleira non adscrita.*

Debe dicir:

VOTACION E ACORDO:

*Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PS de G-PSOE, 4 de AER e 1 da concelleira non adscrita) e 1 abstención do BNG.”*

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a proposta anteriormente transcrita, aprobase nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as.

### **3. Declaración sobre a Eliminación da Violencia de Xénero**

Léese o texto elaborado polo alumnado do instituto de Chapela.

**“NON Á VIOLENCIA DE XÉNERO**

**LAURA**

**CADA ANO O NÚMERO DE CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO É MAIOR, AUMENTAN TANTO OS CASOS DE VIOLENCIA SEXUAL COMO OS DE VIOLENCIA PSICOLOXICA**

Algúns mulleres séntense ameazadas pola súa parella, por iso non falan sobre a súa situación, o que fai que o nivel de malos tratos creza. En canto unha

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



muller se sinta presionada ou atacada pola súa parella debería consultalo con alguén, xa que co tempo pode chegar ao extremo dos malos tratos físicos e do medo.

En ESPAÑA, no 2015, 112 mulleres perderon a vida a man das súas parellas. Hoxe, 25 de novembro de 2016, a cifra ascende 92 mulleres. Por iso gritamos, “NON Á VIOLENCIA DE XÉNERO”.

### **SANTIAGO**

Tamén gritamos “Non á violencia de xénero” en ASIA. En Birmania hai un pobo (os Padaung) no que ás mulleres fáiselles levar unha especie de aros que van desde a parte inferior do pescozo ata a base do cranio; todo isto para agradar ao home. Ás nenas, rómpenlles a idade temperá as vértebras cervicais para poder ir alongándolles o pescozo. Estas mulleres son coñecidas como “mulleres xirafa”. Se son infieis ao seu marido córtanlle os aros, o que fai que morran desnocadas.

Non á violencia de xénero na INDIA, un dos países máis poboados e máis perigosos para as mulleres. A violencia doméstica e o sexismo forman parte de vida cotiá, sen que as autoridades tomen cartas no asunto. É normal ver a mulleres queimadas con ácido camiñando polas rúas.

### **MELANY**

Non á violencia de xénero en PAQUISTÁN, onde temos a MALALA YOUSAFZAI, a moza que só por querer estudar, tentaron asasinar. Hoxe en día está viva e recibiu un Premio Nobel da Paz no 2014 por defender os dereitos da muller.

### **CONG XIN**

En marzo de 2016 apróbase na CHINA, o meu país, a lei contra a violencia doméstica, un asunto que pasa de ser privado ou familiar a ser delito. A normativa protexe á muller de danos físicos, psicolóxicos ou doutro tipo. A lei só recolle situacións de violencia entre parellas de distinto sexo, o que quere dicir que as parellas de matrimonios gais ou lesbianas non están protexidas. Na China, unha de cada catro mulleres sofre violencia doméstica.

### **LAURA**

Non á violencia de xénero en ÁFRICA, onde a ablación de clítoris, unha mutilación xenital feminina levada a cabo para eliminar o pracer sexual das mulleres, segue sendo unha práctica habitual.

### **MELANY**

Non á violencia de xénero en AMÉRICA. Na REPÚBLICA DOMINICANA, o meu país, temos ás Bolboretas. **As Bolboretas** eran militantes activistas contra a ditadura do seu país. Estiveron no cárcere e foron torturadas en varias ocasións. O ditador Trujillo decidiu terminar con elas. O 25 de novembro de 1960 Patria, Minerva e María Teresa, tres das IRMÁS MIRABALES foron detidas nun lugar solitario. Foron obxecto das máis crueis torturas, antes de ser vítimas do que se considerou o crime máis cruel da historia dominicana. Cubertas de sangue, cheas de golpes e estranguladas, foron postas novamente no vehículo no que viaxaban e guindadas por un precipicio, coa finalidade de finxir a súa morte. Por iso mesmo estamos a celebrar hoxe, esa data, a memoria destas tres mulleres como símbolo da loita contra a violencia de xénero.

### **SANTIAGO**

Pero non podemos esquecer que a violencia pode comezar desde o amor, aínda que malentendido. De aí a dificultade e confusión. En moitas ocasións a muller non di nada porque despois de que o home actúa mal pídelle perdón, o que leva a que esa situación sexa unha cadea sen fin. Hoxe en día, é verdade que hai máis campañas contra os malos tratos, pero de momento non son de todo efectivas xa que as cifras de mulleres mortas ou ingresadas en estado grave en hospitais non diminúen.

### **LAURA**



A **Educación para a Igualdade** debe estar presente nas aulas, e volvendo ao amor, preguntémonos como mulleres:

1. A nosa parella obríganos a ter relacións sexuais aínda que non queiramos?
2. A nosa parella altérase, insúltanos e bérranos cando discutimos sobre algo?
3. A nosa parella empúxanos ou golpéanos?
4. Pensamos que o home é da rúa e a muller da súa casa?

#### **MELANY**

Só temos que facernos estas preguntas para darnos conta se a nosa relación é violenta ou non. Se nos sentimos acurralladas ou escravizadas, denunciémolo: á policía, ás asociacións de protección dos dereitos das mulleres e o os servizos sociais do noso concello, entre todos poderán axudarnos.

#### **SANTIAGO**

Para finalizar, a loita da Violencia Contra as Mulleres non é só cuestión delas, os mozos, os homes tamén temos algo que dicir e que facer. Debemos analizar con perspectiva de xénero os nosos comportamentos na vida cotiá e eliminar no día a día as nosas actitudes machistas.

**POR ISO DICIMOS: NON Á VIOLENCIA DE XÉNERO!"**

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Sometida a votación a conformidade da corporación municipal co texto transcrito, aprobouse nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as.

4. **Dar conta dos Expedientes de Modificacións de crédito: 16/2016.TC05/16 e 17/2016.TC06/2016.**

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 16/2016.TC05/2016 mediante a transferencia de crédito por importe de 34.100,25 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 04.11.2016.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 17/2016.TC06/2016 mediante a transferencia de crédito por importe de 472,85 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 10.11.2016.

O Concello Pleno quedou enterado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

5. **Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial de Créditos por importe de 17.800,47 €**

#### **ANTECEDENTES:**

Visto o Ditame da comisión informativa de economía e facenda na súa sesión do día 25/11/2016 que di:

“Asunto.-Aprobación dun recoñecemento extraxudicial por importe de 17.800,47 €

Vista a Proposta da Presidencia, de data 23 de novembro de 2016, transcrita di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na

---

#### **Concello de Redondela**



contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 23 de novembro de 2016, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que tal como establece o informe do Interventor, que os gastos correspondentes a anos anteriores foron facturados en anos posteriores foi como consecuencia do retraso na facturación ou na entrega da documentación dos terceiros.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 17.800,47 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2016:

Terceiro	Data da Factura	Nº de factura	euros	Partida Orzamentaria
		17471501P000		
Aqualia-FCC-UTE Vigo	22/01/2015	0597	14.608,92 €	1601A.22700
Proson Galicia S.L.	04/11/2016	011	210 €	3341A.22609
Asoc. Cultural danza das espadas e penlas Redondela	05/05/2016	16001	451,00 €	3341A.22699
		FE1632120029		
Gas Natural Servicios SDG, S.A.	14/04/2016	2047	2.530,55 €	1351A.22100
			<b>17.800,47 €</b>	

“

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do grupo municipal do PP e as abstencións dos grupos municipais do PSG- PSOE, AER e BNG, estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que está en contra de que a secretaria do Alcalde sexa a receptora dalgunha das facturas, xa que considera que o persoal de confianza do Alcalde non está integrado no organigrama do Concello e non pode realizar esas funcións.

O Alcalde sinala que isto foi valorado positivamente pola intervención para axilizar os pagos xa que a sinatura unicamente refírese a que realmente existe constancia de que

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



se fixo o servizo ou a subministración correspondente.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as.

### **6. Aprobación definitiva da Modificación Ordenanza Fiscal Taxa do Lixo.**

#### ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da comisión informativa de economía e facenda na súa sesión do día 25/11/2016 que di:

“Asunto.- Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal da taxa do lixo.

Vista a Proposta da Presidencia, de data 23 de novembro de 2016, que transcrita di:

“O CONCELLO Pleno, en sesión realizada o día 28 de xullo de 2016, acordou a aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo no Concello de Redondela.

Rematado o período de exposición pública, trala publicación do anuncio no BOP, o día 30 de agosto de 2016, presentáronse as alegacións que posteriormente se relacionarán.

Informadas pola Tesourería Municipal en informe de 9 de novembro de 2016.

- Reclamación de Don Alejandro Moscoso García, con rexistro de entrada de 5 de setembro de 2016 con número 2016-E-RC-13203: debe desestimarse segundo o informe da Tesourería Municipal en base os seguintes razoamentos:

En primeiro lugar, non existe falta de motivación posto que na proposta á comisión explícanse os motivos desta modificación.

En segundo lugar, produciuse a adecuación ó procedemento establecido para a modificación das ordenanzas.

Por outra banda, a taxa polo lixo non está asociada á retribución da empresa que presta o servizo nos termos que se indican na alegación.

Por outro lado, a modificación non é contraria á sentenza.

Por último, respecto ó resto de afirmacións refírense a aspectos da ordenanza fiscal que non son obxecto desta modificación e polo tanto non son tratados.

- Reclamacións semellantes de Don Manuel Bastos Fernández, con rexistro de entrada de 3 de outubro de 2016 con número 2016-E-RC-14891, Don Víctor Portela Míguez, con rexistro de entrada de 30 de setembro de 2016 con número 2016-E-RC-14819, Don Gerardo López Cabaleiro, con rexistro de entrada de 30 de setembro de 2016 con número 2016-E-RC-14818, Don José Manuel Quinteiro Gómez, con rexistro de entrada de 30 de setembro de 2016 con número 2016-E-RC-14817, Don José Antonio Orge Quinteiro, con rexistro de entrada de 30 de setembro de 2016 con

---

#### **Concello de Redondela**





número 2016-E-RC-14816 e Don Ángel Silva Rodríguez, con rexistro de entrada de 30 de setembro de 2016 con número 2016-E-RC-14815: debe desestimarse segundo o informe da Tesourería Municipal en base os seguintes razoamentos:

En primeiro lugar, produciuse a exposición ó público tal como consta no expediente.

En segundo lugar, o Concello cínquese a postetade regulamentaria que lle recoñece a sentenza aludida.

Por outra banda, respecto ás afirmacións respecto á empresa prestadora do servizo son alleos á modificación da ordenanza.

Por outro lado, en canto a diferenciación da zona A/zona B, a modificación adáptase ós termos do actual contrato de xestión do servizo de recollida de lixo.

Por último, respecto ó resto de afirmacións refírense a aspectos da ordenanza fiscal que non son obxecto desta modificación e polo tanto non son tratados.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por Don Alejandro Moscoso García, Don Manuel Bastos Fernández, Don Víctor Portela Míguez, Don Gerardo López Cabaleiro, Don José Manuel Quinteiro Gómez, Don José Antonio Orge Quinteiro e Don Ángel Silva Rodríguez

SEGUNDO.- A aprobación definitiva da Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo no Concello de Redondela, modificando os puntos 1.1.1 e 1.1.2 do Anexo da ordenanza segundo o seguinte

*“1.1. Vivendas*

*1.1.1. Cota normal (zona A): 71,00 euros/ano*

*1.1.2. Cota reducida (zona B): 35,00 euros/ano“*

E procedendo á derogación dos apartados

*“1.2.4. A cuota para tódalas vivendas ou establecementos (non incluídos nos dous apartados anteriores) situados a máis de 100 metros das zonas de recollida, será de 36,50 euros/ano.*

*1.2.5. O importe da taxa poderase prorratear e liquidar por anos naturais, por trimestres naturais, ou por unha combinación de ambas posibilidades.”*

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación da modificación das ordenanzas aprobadas definitivamente de acordo co artigo 17 do RDLex 2/2004.”

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do grupo municipal do PP, as abstencións dos grupos municipais do PSG- PSOE e AER e o voto en contra do grupo municipal do BNG, estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





## INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que está a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que examinaron as alegacións con respecto a aqueles veciños que teñen o contenedor a máis de cen metros e consideran que debe manterse a cota reducida nestes casos, con independencia de que non están de acordo coas formas dalgunha desas alegacións.

O concelleiro CRESPO ABAL di que nos se lles entregaron as alegacións que respectan o informe de tesourería e preguntan se se está a traballar nunha nova ordenanza do lixo. Pensan que se podían considerar algunhas cousas contidas nas alegacións.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que a situación pola que se chegou aquí foi un pouco caótica e a partir de dúas comisións de facenda nas que se explicou polos técnicos do Concello a cuestión empezaron a tomar conciencia do asunto e agora comprobamos que os veciños seguen a alegar o mesmo que antes. Admiten que é un dos servizos máis deficitarios, agravado tamén polo cánon a Sogama e pola ineficacia da recollida selectiva, que debería mellorarse.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que na comisión a tesoureira explicou polo miúdo as razóns polas que propuña rexeitar as alegacións. Indica que tal e como son os viais en determinadas zonas non se pode facer máis. Dí que sí se está a traballar na modificación da ordenanza, especialmente á hora de establecer a clasificación en relación ás actividades. Indica que todos están ao lado dos veciños e que o servizo é moi deficitario e se están a facer importantes campañas de concienciación para facelo máis sostible. Tamén sinala que se paga 3 ou 6 euros ao mes por veciño segundo teñan ou non recollida diaria . Considera que todos deben ir xuntos para contribuir a mellorar o servizo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o que sinala a voceira do PP non ten que ver co que se está a debatir que é a modificación dunha ordenanza. Insiste en que o básico é recoñecer o dereito á redución dunha taxa porque as súas condicións son diferentes ás do resto da veciñanza. Considera que isto é caprichoso e ven dado porque perderon un pleito e pensa que esta modificación non vai supor un cambio sustancial de ingresos para o concello.

O concelleiro CRESPO ABAL di que nas alegacións hai cousas interesantes aínda que os técnicos sinalen que non é o momento de facelas porque segundo o criterio da tesoureira somentes poden referirse á modificación aprobada inicialmente. Aínda que antes se abstiveron agora van a votar que non xa que consideran que hai que retomar o tema no seu conxunto xa que o goberno non fixo os deberes.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que ao mellor as mensaxes ás que se refire a voceira do PP non abundan para que se entere toda a xente. Refírese á posibilidade de levar adiante unha modificación máis global e indica que xa na aprobación inicial non estaban seguros e teñen recelos de confiar na palabra do goberno, polo que optan por esperar á redacción da nova ordenanza porque ao mellor sí que consideran pertinente establecer algunha redución en función da distancia. Anuncia que van a votar en contra da proposta.



A concelleira AMOEDO DASILVA di que a argumentación do grupo socialista é moi pobre e saben porque xa estiveron gobernando que non é coherente cambiar o voto na aprobación definitiva cando non é por mor das alegacións. Estima que o grupo socialista se doblega para facer guiños á agrupación de electores e dí que con isto van a facer que o Concello perda cartos e isto é unha realidade xa que a modificación da ordenanza non é caprichosa posto que foi avalada polos técnicos do Concello que foron os que a propuxeron. Parécelle unha postura irresponsable.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da proposta anteriormente transcrita, é rexeitada por once votos en contra (6 do PSOE, 4 de AER e 1 do BNG) e dez votos a favor (9 do PP e 1 voto da concelleira non adscrita)

#### **7. Prorroga do contrato da Concesión da xestión do Centro de deportes acuáticos de Chapela.**

#### ANTECEDENTES:

Visto o ditame da comisión informativa de Deportes na súa sesión do día 24/11/2016 que di:

“Aprobación da prórroga do contrato da Concesión da xestión do Centro de deportes acuáticos de Chapela, asinado o 21 de xuño do 2013 con Aqualia Gestión Integral del Agua, SA, polo prazo de tres anos a contar dende o día 1 de agosto de 2017. O presidente dá conta da proposta de data 17.11.2017, que textualmente di:

“Con data do 21 de xuño do 2013 formalizouse o contrato administrativo da Concesión da xestión do Centro de deportes acuáticos de Chapela coa empresa Aqualia Gestión Integral del Agua, SA.

Vista a cláusula terceira do contrato na que establece que o prazo de vixencia da concesión será de catro (4) anos computados a partir do día seguinte á formalización do contrato, sendo prorrogable ata oito (8) anos en dous períodos sucesivos de tres (3) e un (1) ano, respectivamente, e que, segundo o disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato, as devanditas prórrogas deben acordarse por mutuo acordo entre o órgano de contratación e o adxudicatario cunha antelación mínima de seis meses ao remate de cada un dos períodos.

Considerando que, de acordo co previsto no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación e tendo en conta a data na que se formalizou o contrato, o servizo comezou a prestarse o 1 de agosto de 2013.

Considerando que este Concello está interesado en prorrogar o contrato e que Aqualia Gestión Integral del Agua, SA, empresa adxudicataria, presentou no Rexistro Xeral do Concello de Redondela, con data do 11 de novembro de 2016, un escrito no que amosa ao súa conformidade coa prórroga do contrato da Concesión da xestión do Centro de deportes acuáticos de Chapela.

Xa que logo, PROPOÑO ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

Único.- Prorrogar o contrato da Concesión da xestión do Centro de deportes acuáticos de Chapela, asinado o 21 de xuño do 2013 con Aqualia Gestión Integral del Agua, SA,

---

#### **Concello de Redondela**



polo prazo de tres anos a contar dende o día 1 de agosto de 2017.”

Votación e ditame:

A Comisión Informativa de Deportes, en votación ordinaria, acorda informar favorablemente a proposta, co voto favorable do PP, a abstención do PSdG-PSOE e da concelleira non adscrita e o voto en contra de AER.”

#### INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que non van a votar a favor porque siguen a línea que adoptaron co tema do servizo de auga xa que apostan pola municipalización do servizo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non está satisfeito co servizo prestado pola concesionaria. Considera que foi insuficiente o informe presentado pola mesma na comisión de servizos privatizados. Aposta porque o servizo o preste o Concello. Indica que hai unha lei do PP que obstaculiza a remunicipalización pero considera que hai fórmulas.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que apostan porque sexa un servizo xestionado polo Concello xunto coa piscina de Redondela.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que non. Indica que a concesión saíu a concurso ata tres veces e dí que a instalación ten bastantes usuarios, non só de Chapela a pesares de que a instalación non ten un horario axeitado xa que por exemplo non está aberta a mediodía. Refírese a desperfectos na instalación que segundo unha resolución da Alcaldía de hoxe están valorados nuns 200.000 €. Considera que a concesionaria non está a cumprir co mantemento e que en todos os casos están a pedir ou a remunicipalización ou un novo concurso que poida ser máis beneficioso para todos tanto para o Concello como para os usuarios.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que as deficiencias son anteriores á apertura do centro que lle custou ao Concello máis de catro millóns de euros que tanto o PSOE como o BNG se empeñaron en investir na mesma, o que califica de aberración. Dí que cando chegaron eles non tiña nin auga nin entorno urbanizado . Parécelle ben facer outro concurso pero o normal sería facelo coincidir coa de Redondela para facela máis avantaxosa. Dí que os concursos quedaron desertos porque o deseño da instalación foi unha chapuza e que cando chegaron ao Concello era unha obra inacabada que non tiña nin acometida eléctrica. Dí que a piscina ten 18 traballadores e o seu futuro é agora incerto. Propoñen unha prórroga de tres anos para estudar a mellor fórmula a adoptar namentras tanto. Dí que o informe dos técnicos é claro e non cabe ningunha posibilidade de remunicipalizar os servizos porque non pode contratar xente e non se conta con persoal para facelo.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que se manteñen na súa postura.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que unha cousa son as deficiencias da obra e outra a xestión que é a que leva unha empresa e non pensa que a día de hoxe perda cartos. Pensa que agora se pode remunicipalizar xa que o edificio aínda é novo. Dí que se non se pode remunicipalizar é por unha lei do PP. Dí que a voceira do PP mete medo xa que considera que se producirá a subrogación do persoal.

O Alcalde dí que non foi o PP senón que as disposicións restrictivas da contratación de



persoal veñen dos orzamentos do partido socialista. Suspende o pleno uns minutos.

Reanudada a sesión, o concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que están porque o servizo sexa municipal pero senón se pode unha cooperativa sería mellor tendo en conta como tratan esas empresas ao seu persoal. Dí que as dúas piscinas rematan en momentos distintos polo que habería que resolver ese problema. Considera que aínda que os informes técnicos sexan claros tamén a vontade política é importante. Indica que catro quioscos do Concello pagan máis que as concesionarias dos servizos a pesares de que éstas facturan millóns de euros .

O concelleiro ALVAREZ CASTRO critica a intervención da voceira do PP e indica que o Pavillón da Marisma tamén ten goteiras e iso que foi a obra maestra do seu grupo. Salia que as datas entre o remate das concesións dos dous servizos non coinciden e parécelle que iso pode dar problemas. Non lle parece xusto que lles meta medo aos traballadores.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o informe di claramente que o servizo non pode ser prestado directamente polo Concello porque precisaría achegar medios persoais dos que actualmente carece. Considera que está moi claro e van ter que sacar un novo concurso porque non hai outras opcións. Indica que o difícil foi por en marcha ese mamómetro de máis de catro millóns de euros.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da proposta anteriormente transcrita, é rexeitada por doce votos en contra (6 do PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 voto da concelleira non adscrita) e nove votos a favor (9 do PP ).

#### **8. Proposta de Convenio de Colaboración do Consorcio Galego e o Concello de Redondela para a Xestión e Financiamento do Centro de Atención Diurna situado en Cesantes, Redondela.**

#### ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da comisión informativa de Benestar Social na súa sesión do día 24 e 25/11/2016 que di:

“A Comisión Informativa de Benestar Social na súa xuntanza ordinaria celebrada en data 24 e 25 de novembro de 2016 tratou o seguinte asunto:

Proposta de Convenio de Colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Social e o Concello de Redondela para a xestión e financiamento do Centro de atención diurna situado no Concello de Redondela.

A proposta é aprobada por maioría con dous votos a favor e tres abstencións.”

#### INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que non lles parece xusto o importe a sufragar por parte do Concello de Redondela xa que consideran que é excesivo. Pregunta se



vai a haber algún representante da oposición na comisión de seguemento.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que se trata dun equipamento de carácter prioritario. Considera que o convenio ten moitas eivas xa que non cumpre as expectativas coas que foi construído o centro xa que a idea inicial era residencial para vinte persoas e centro de día para trinta e agora parece que van a ser exclusivamente vinte prazas. O convenio non lle parece satisfactorio e esperaban que despois de tanto tempo o Alcalde ía presentar aos veciños unha proposta máis exitosa. Considera que, pola contra, a proposta é sumisa coa Xunta de Galicia.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que non lles gusta o convenio porque consideran que debe ser a Xunta a que sufrague o centro de día. Dí que o custe de 7.500 euros anuais por usuario non se sabe de onde sae e non está de acordo en que os usuarios de fora non paguen. Non ve viable a proposta do PP de que se trate de acadar despois mellores condicións a través da comisión de seguemento. Considera que este servizo debían costealo a Xunta e a Deputación con independencia de que o Concello poida dar axudas a veciños que non poidan pagar a súa aportación. Pregunta se as traballadoras sociais tramitarán os expedientes das persoas que asistan ao centro. Non apoian o convenio.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que o PP pon o convenio enriba da mesa dun día para outro sen consensualo co nade. Dí que o Concello ten que facer unha aportación de 2.500 € por cada persoa empadronada que asista ao mesmo pero estiman que trátase dun servizo autonómico que ten que asumir a comunidade autónoma. Indica que os usuarios doutros concellos teñen cuberto o custe por parte da Xunta. Consideran que hai un agravio comparativo e ditos recursos podía achegarse para outras necesidades sociais. Sinala que é como si o Concello tivera que pagar polos usuarios que acuden aos servizos do Sergas.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a voceira socialista conta medias verdades e refírese ao informe obrante no expediente. Indica que a base do convenio é o acordo convenio da FEGAMP, cuxo presidente é un alcalde socialista e no que se asume a participación do Concello neste tipo de centros cun custe de 2.500 €. Considera que o grupo socialista non quere que se poña en marcha o centro de día aínda que por outro lado o demandan. Dí que o primeiro centro nestas condicións é nun municipio gobernado pola Marea. Están de acordo en que a oposición participe na comisión de seguemento.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG considera que o convenio non é avantaxoso para o Concello de Redondela despois de tantos anos. Pensa que é prioritario que se abra o centro de día e que o convenio puido ser mellor porque xa só co informe da secretaria e o interventor foi cambiado. Apoian a proposta porque está vencellada dita apertura ao convenio.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ critica que o convenio chegou ao Concello en xullo e se lles deu hai 15 días. Indica que outros concellos fixeron aportacións como o de Baiona, o de Tomiño, Porriño ou Vigo. Refírese ao centro de persoas con discapacidade de Chapela, que é sufragado pola Xunta.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que a voceira do PP minte xa que levan anos co centro feito e non foron quen de poñelo en marcha, e cambiou dende o prantexamento inicial en contra do que no seu intre dixo a señora París. Tamén dí que non vai a haber



postos de traballo a maiores e que a pesares de que hai unha cocifiña moi grande vai a privatizar o servizo. Queren que se abra pero como debe de ser.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a señora Rivas cambia a súa postura de aquí á Deputación onde vota en contra dos intereses de Redondela. Considera que mixtura cuestións pero a realidade é que hai un goberno marco da FEGAMP aprobado por unanimidade e no anexo II se recolle que o custe é de 7.500 € ano dos que os concellos deberán aportar 2.500 €. Pensa que non son congruentes xa que cando gobernan fan outras cousas. Resposta que no caso do centro de Chapela é residencial e por eso o sufraga íntegramente a Xunta como pasará no caso das prazas residenciais do centro de Redondela.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido no ditame:

Resulta en primeira votación un empate, sendo dez votos a favor (9 do PP e 1 do BNG), dez votos en contra (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER) e unha abstención da concelleira non adscrita

Repetida a votación co mesmo resultado, a proposta é aprobada polo voto de calidade do Alcalde.

#### **9. Actividades de control do pleno.**

##### **9. 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.**

O Pleno queda enterado a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Xestiona.

##### **9. 2 Mocións.**

#### **9.2.1. Moción do PSdeG-PSOE sobre a humanización Avenida de Vigo.**

##### **ANTECEDENTES:**

Moción do grupo municipal PSdeG-PSOE o día 24/11/2016 con número 18072 que se transcribe a continuación:

“A Xunta de Galicia acaba de presentar un proxecto de humanización da PO-323, Avenida de Vigo, entre os puntos kilométricos 0,8-1,8, concretamente entre a Rúa Estación e a Rúa San Telmo. Tramo coincidente cun importante grao de concentración de poboación, así como de numerosos servizos e negocios. Pola contra, o plan de actuación só contempla esta zona cando é relevante o nivel de concentración de poboación dende o Alto da Encarnación ata as Catro Pontes.

O proxecto de humanización entre outros puntos, contempla a eliminación dun gran número de prazas de aparcadoiros, aproximadamente entre 70 e 75 prazas de aparcadoiros serán eliminadas con este proxecto, a pesar de que o número de prazas existentes na actualidade xa é insuficiente. A todo isto, súmase que o número de prazas de aparcadoiro neste entorno vén sendo motivo de reclamación por diversas asociacións como a propia Asociación de Veciños de Chapela, que veñen





demandando a creación de novos puntos de aparcadoiro dados os problemas de estacionamento existentes na zona.

Ademáis, o proxecto contempla a mellora do acceso a rúa Xosé Fernández López para facilitar, entre outros motivos, a circulación de camións que entran e saen do coñecido como Polígono de Pescanova, a través da creación dunha pseudoglorieta de circulación que reducirá parte da alameda de Chapela, un espazo de espaxamento de todos.

A circulación de tráfico pesado pola Avenida de Vigo ven xerando malestar entre a veciñanza dende hai anos polas molestias que o tráfico pesado causa como ruidos, vibracións... O que motivou a creación de medidas para o control do tráfico pesado pola Avenida de Vigo, como a prohibición de paso do tráfico pesado entre o inicio do municipio nas Catro Pontes e a rúa Xosé Fernández López.

Finalmente o proxecto conta con financiación de ata 485.000€, por parte do Concello de Redondela, para a mellora dos servizos de saneamento e pluviais da zona.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal os seguintes **ACORDOS**:

1. A creación dun plan de aparcadoiros mediante un convenio entre a Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento e o Concello de Redondela que:

- Amplie a zona de aparcadoiro entre a Estación de Ferrocarril e o Bar Nando, na marxe dereita en sentido Redondela, coa creación de aparcadoiros en batería.
- Inicie a negociación con Renfe para a creación de aparcadoiros no entorno da Estación de Ferrocarril.
- Realice un estudo da adquisición dos terreos entre o Camiño da Dorna e a vía do tren para a xeración dun novo aparcadoiro.

2. Instar á Xunta de Galicia e á Autoridade Portuaria de Vigo a que estuden un acordo coas empresas da zona de Pescanova para deribar o tráfico de camións ao parque empresarial a través da coñecida Baixada a Aucosa.

3. Que o Concello de Redondela faga un estudo previo das canalizacións de saneamento e pluviais para saber se a obra é necesaria.”

#### INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o proxecto foi presentado nas eleccións autonómicas e que lles houbera gustado que os colectivos afectados participaran no mesmo e o valoraran. Indica que defende a recuperación dos espazos urbanos para os cidadáns e Chapela é unha parroquia moi afectada polo movemento do tráfico polo que dende este punto de vista parécelle ben un proxecto deste tipo. Estima que a redución de prazas de aparcadoiro é problemática e haberá que estudar as alternativas pero parécelle moi importante eliminar o tráfico pesado do centro de Chapela xa que a Avenida de Vigo soporta o tránsito duns 80 a 100 camións diarios. A estes efectos considera necesario un diálogo do Alcalde coa autoridade portuaria para acadar unha alternativa viable a fin de solucionar o asunto.

O concelleiro CRESPO ABAL di que están de acordo coa moción.





A concelleira AMOEDO DASILVA di que a moción chega tarde dado que o equipo de goberno xa fixo xestións diante da Xunta de Galicia e se está a falar dunha realidade porque de feito xa hai consignación orzamentaria para face-la actuación. Dí que é unha estrada autonómica que precisa unha remodelación importante pero na moción recóllense cousas que non son moi precisas como o da perda de parte da Alameda, o que pode confundir á xente. Non ve factible practicar o aparcadoiro en batería que propón a moción aínda que sí se creará unha zona para aparcas. Por outro lado admite que é moi necesario mellorar a rede de pluviais. Parécelle que o que pide a moción é bastante difuso.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que a moción está ben clara e que no caso da Alameda mirouno in situ e vaise reducir pode que nuns 30 metros cadrados. Indica que os técnicos teñen que valorar a situación e hai que ter vontade. Sinala que o proxecto veu un pouco a oscuras e aínda que parece que hai varias fases non se lles facilitou información ao efecto.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que humanizar significa cambiar a mentalidade da xente e pensa que o PP non está pola labor. Considera que o importante é que os veciños gañen en calidade de vida e non pase como na estrada dos Valos en que deixaron a moitos veciños sen arranxala porque desviaron os fondos. Insiste na necesidade de acadar alternativas ao tráfico pesado.

O concelleiro CRESPO ABAL di que o PP quere colgarse medallas, como a do paso de Cabanas, con cousas que son necesarias para face-la ampliación da autoestrada o que non lle parece de recibo. Considera que din unhas cousas e logo fan outras.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que se consideran que os fondos se desviaron deben leva-lo tema aos tribunais xa que en Vilar se fixo unha verdadeira humanización aínda que non estean de acordo. Dí que Chapela estaba abandonada e agora estánlle a prestar máis atención e mellorando as cousas dentro do que se pode. Pide que retiren a moción porque todo o que se recolle al moción está tratado.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que a voceira popular non falou nada da humanización da Avenida de Vigo. Dí que non teñen intención de facerse unha foto, como o PP e que o primeiro é escoitar aos veciños. Tamén sinala que a redución do tráfico pesado é algo fundamental, cousa da que o PP non fala.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo once votos a favor (6 do PS de G-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG) e 9 abstencións do PP.

### **9. 3 Rogos e Preguntas**

#### **PREGUNTAS**

**Preguntas AER diversos temas. (Rex. Entrada 30.11.2016, 2016-E-RC-18723).**



1) **Sobre incremento do persoal de Aqualia.** Tendo en conta o establecido no “PLIEGO DE CONDICIONES ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE HA DE REGIR EN EL CONCURSO PARA LA CONCESIÓN DE LA GESTIÓN INTEGRAL DEL SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO DE AGUA Y SANEAMIENTO DE REDONDELA”. No seu apartado 32ª - 2 e parágrafo segundo no que se fai constar:

*“En los cinco últimos años de la concesión, el Concesionario no podrá incrementar la plantilla de personal, salvo autorización expresa del Ayuntamiento”*

En virtude do anteriormente xa exposto, e visto que metemos un rexistro sobre este asunto o 4 de novembro, que aínda non contestaron, preguntamos:

Ten autorizado algún incremento de persoal o grupo do PP desde que asumiu o goberno do Concello de Redondela no ano 2011, e de ser afirmativa a resposta poden explicar a data e a identificación da resolución de alcaldía que permita contrastar dita información?

**Resposta:** A concelleira AMOEDO DASILVA di que o goberno non tivo ningunha petición de aumento de persoal nos últimos cinco anos. Pediron información á concesionaria que lle transmitirán.

2) **Sobre un vao en Chapela.** Sendo coñecedores do conflito que existe na rúa Camiño Real na parroquia de Chapela, a causa da autorización feita polo Concello para pintar unha raia amarela ao propietario da saída de garaxe con vao nº 774. Coñecendo tamén que o Concelleiro de Interior desprazouse á citada rúa a facer medicións cun técnico municipal, e vendo que despois de meter un rexistro o 15 de novembro coas seguintes preguntas, aínda non contestaron; preguntamos en pleno:

Que xestións está realizando o concello para solucionar este conflito? Que obxectivo tiñan as medicións realizadas no Camiño Real? Correspóndese o pintado na rúa coa autorización expedida? (Asimesmo, rogamos ter acceso á copia da autorización municipal para pintar a raia amarela ao propietario do vado nº774).

**Resposta:** O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que a autorización é do ano 2014 e houbo un problema de desacordo entre os veciños. Reuníse cos mesmos e co técnico municipal. Indica que os concelleiros de AER tiveron acceso ao expediente.

3) **Sobre a casa do conserxe do colexio de Cesantes.** Tendo coñecemento das demandas da familia residente na casa do conserxe do colexio Outeiro da Penas sobre o mal estado da cuberta da mesma, demandas que o noso grupo trasladou tanto oralmente como por escrito ao equipo do goberno.

Tendo coñecemento do informe da apareladora municipal de data 09/11/2016 onde describe o mal estado da cuberta de fibrocemento da vivenda: material antigo; elementos parcialmente rotos, deteriorados e mal ancorados. Sinalando tamén o mal estado da cuberta do patio.



Tendo en conta que esta vivenda é un ben municipal tal como consta no inventario (orden IMB57) e debeu incluírse o cambio de cuberta co cambio de cuberta do colexio para evitar así o deterioro deste ben municipal.

Tendo coñecemento da resposta da valedora do pobo á demanda da familia, con data 14/11/2016, onde dan o prazo dun mes para que o Concello tome medidas para a reparación do tellado.

Por todo isto preguntamos:

Que medidas tomaron ou van tomar para solucionar o problema da cuberta desta casa de propiedade municipal?

**Resposta:** Están mirando unha solución pero necesitan realizar o procedemento administrativo para facer esa reparación.

**Preguntas PsdeG-PSOE sobre os paneis de publicidade e reciclaxe. (Rex. Entrada 30.11.2016, 2016-E-RC-18723)**

Unha empresa privada colocou en Redondela varios puntos de reciclaxe de pilas e lámpadas e paneis publicitarios. A instalación e mantemento de ditos puntos é asumida pola empresa a cambio dos cartos que recibe pola publicidade que se expón nestes mesmos. A situación dos dispositivos suponse que non pode obstaculizar, tanto a visión dos condutores como impedir o paso dos viandantes.

Pola contra, o panel publicitario que se atopa en Chapela na Avenida de Vigo está a impedir a visibilidade do tráfico nun cruce onde conflúen numerosos vehículos. E outro dos puntos, o cal se atopa na Rúa Alfonso XII, está a bloquear o tránsito dos viandantes ao cortar o paso entre o quiosco e a beirarrúa cando é unha zona de bastante confluencia pola parada do autobús e negocios cercanos.

**PREGUNTAS:**1. Está prevista algunha modificación da situación dos paneis de publicidade e reciclaxe?

**Resposta:** O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que os mesmos que preguntan sacaron o tema na prensa antes de preguntar. Teñen un acordo cunha empresa e lles parece máis axeitado que a anterior. El non ten coñecemento de problemas pero se hai queixas, estudarán o tema para resolvelo.

**Preguntas PsdeG-PSOE sobre a beirarrúa Subida a Estación. (Rex. Entrada 30.11.2016, 2016-E-RC-18735)**

A beirarrúa da rúa Subida á Estación está a provocar caídas entre os viandantes por mor do firme escorregadizo que ten nestes intres debido entre outros ao desgaste, a humidade, a auga...

Este feito está a provocar que moitos dos transeúntes non utilicen a beirarrúa e camiñen pola calzada, o cal aumenta o risco de atropelo.

**PREGUNTAS:**1. Está prevista algunha modificación, mellora ou arranxo da beirarrúa da rúa Subida á Estación? En caso de estar prevista dita mellora, cando?

**Resposta:** O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que o feito de que sexa resbaladizo é sobre todo pola pendente. Dí que coa situación actual do terreo é difícil resolver o problema e están a estudar alternativas.



## **ROGOS:**

### **Rogo AER diversos temas. (Rex. Entrada 30.11.2016, 2016-E-RC-18723).**

A Agrupación de Electores de Redondela dá traslado a este pleno dun rogo da familia Sueiro Escariz en relación ao Camiño A Costa na parroquia de Chapela.

Unha estrada para un discapacitado e a súa familia

A dificultade dos accesos mantén "atrapados" na súa casa a unha familia formada por tres persoas con discapacidade de Chapela. Aínda que residen en pleno centro, a rúa córtase a cento cincuenta metros da súa vivenda e o último tramo só é accesible a pé por un estreito carreiro. "Polas noites é un risco percorrelo pola falta de iluminación e en caso dunha emerxencia estamos condenados porque aquí non pode acceder nin unha ambulancia nin un vehículo de bombeiros", afirman.

Cando hai unha década se ampliou o Camiño A Costa, a familia Sueiro Escariz pensou que por fin se atendería a súa demanda de mellorar o acceso á súa casa: un estreito carreiro entre muros de propiedades polo que non cabe un vehículo. Con todo, a decepción chegou cando os traballos concluíron a cento cincuenta metros da súa vivenda, polo que os seus problemas continuaron igual.

O pai, Carlos Sueiro Escariz, de 78 anos, camiña lentamente con axuda dun bastón co que consegue saír da súa casa de cando en vez polo estreito camiño. Hai dous anos caeu e rompeu unha perna, polo que estivo varios meses en cadeira de rodas. "Grazas a iso conseguimos que o Concello de Redondela nos facilitase o material e con axuda de amigos e familiares formigonaron o carreiro e mesmo despois colocouse unha varanda, pero segue sendo estreito, polo que é imposible acceder en coche, que é o que necesitamos", sinala o home, que asegura que levan trinta anos reclamando no Concello a ampliación do viario. "Din que se incluírá no Plan Xeral, pero os anos van pasando e aquí non se move nada. Non podemos estar a esperar eternamente", lamenta.

O seu fillo Carlos Sueiro Alonso perdeu unha perna por mor dunha enfermidade e ten que camiñar polo carreiro coa axuda de muletas. "Sabemos que son momentos difíciles desde o punto de vista económico, pero se o Concello non ten capacidade para esta actuación poden xestionar o asunto ante outras administracións para tratar de conseguir fondos, como fai con outras obras. Levamos esperando moito tempo por un acceso digno e cremos que sería viable cun pouco de vontade", conclúe Carlos.

A familia Sueiro Escariz xa mostrou a través do rexistro deste concello a vontade de ceder os metros necesarios da súa parcela para o ensanche do camiño A Costa, tal e como estaba previsto no PERI de Chapela.

Polo anterior exposto e dando voz a familia Sueiro Escariz, ROGAMOS ao goberno local de Redondela que realice as xestións necesarias, con propietarios e administracións para o ensanche do camiño A Costa. Así como rogamos aos deputados provinciais e grupos con representación na Deputación de Pontevedra presentes neste pleno, trasladen a este organismo esta petición de total necesidade.



E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e trinta minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-